

Estrutura da proba: a proba componse de dúas opcións A e B. Só se poderá contestar a unha das dúas opcións, desenvolvendo integramente o seu contido. Puntuación: a cualificación máxima total será de 10 puntos, estando indicada en cada cuestión a súa puntuación parcial. Tempo: 1 hora e 30 minutos

OPCIÓN A

1. Cuestións (Valoración: 10 puntos).

Bloque I. (2 puntos)

1 Identifique o tipo de molécula que aparece na **Figura 1**. Señale cales son as súas unidades estruturais e indique e describa o tipo de enlace que as mantén unidas. Explique a función desta macromolécula nos seres vivos.

Bloque II. (2,5 puntos)

2 Realice un esquema dun cloroplasto visto o ao microscopio electrónico e indique o nome dos seus compoñentes estruturais. Escriba a reacción global da fotosíntese. Onde se atopan os pigmentos fotosintéticos e cal é a súa función?

Bloque III. (2,5 puntos)

3 Explique brevemente en que consisten os seguintes procesos e indique en que lugar da célula se producen: replicación, transcripción e tradución. Importancia biolóxica da recombinación xenética.

Bloque VI. (2 puntos)

4. Comente brevemente a utilidade que poidan ter para o home os seguintes microorganismos: fermentos, Rhizobium, Lactobacillus, bacterias biodegradantes. Como se poden obter substancias beneficiosas para o home mediante enxeñería xenética?

Bloque V. (1 punto)

5. Explique brevemente a que se refiren estes catro termos: inmunidade celular, antixeno, resposta inmune primaria, soro

OPCIÓN B

1. Cuestións (Valoración: 10 puntos).

Bloque I. (2 puntos)

1 Que diferenza hai entre un lípido saponificable e outro non saponificable? Describa brevemente a función biolóxica dos triacilglicéridos e indique que compostos se obteñen da súa hidrólise

Bloque II. (2,5 puntos)

2 Realice un esquema dunha mitocondria vista ao microscopio electrónico e indique o nome dos seus compoñentes estruturais. Que procesos metabólicos teñen lugar no seu interior e en que parte da mitocondria se realizan? Explique o proceso da respiración.

Bloque III. (2,5 puntos)

3 Enuncie a 1ª ley de Mendel e describa un exemplo da mesma, realizando o cruzamento e presentando os xenotipos e fenotipos das liñas parentais e da F1. En que consiste o retrocruzamento ou cruzamento proba? Cal é a diferenza entre herdanza intermedia e codominancia?.

Bloque VI. (2 puntos)

4 En función da súa capacidade para tinguirse, como se clasifican as bacterias? A que se debe esa desigual capacidade? Describa as principais estruturas da célula bacteriana axudándose dun debuxo.

Bloque V. (1 punto)

5. Indique os principais órganos e tecidos linfoides no home comentando brevemente a súa función.

OPCIÓN A
FIGURA 1

